

Resolución do 29 de marzo de 2006, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas e subvencións correspondentes a diversos programas de actuación a favor das comunidades galegas no exterior para o exercicio 2006.

O Estatuto de autonomía de Galicia recoñécelles ás comunidades galegas asentadas fóra de Galicia o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego. A Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade, establece o carácter de comunidades galegas das entidades asociativas sen ánimo de lucro, validamente constituídas e con personalidade xurídica no territorio en que se atopen asentadas, que teñan por obxecto principal nos seus estatutos o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia.

Tras a publicación do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade e as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como a xestión de todos os procedementos que desas materias se deriven.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia desconcentra no secretario xeral de Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

Esta resolución abrangue as bases reguladoras e a convocatoria anual das axudas e subvencións as entidades galegas no exterior, que se estruturan en catro seccións dentro do capítulo I e que corresponden ás axudas para prestacións de servizos asistenciais a favor de emigrantes galegos, para a realización de proxectos formativos, culturais e actividades asociativas, para a realización de accións informativas e, finalmente, para a realización de proxectos promovidos pola xuventude.

O procedemento de concesión das axudas e subvencións realizarase en réxime de concorrència competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer una prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración que se establecen e coas dispoñibilidades orzamentarias existentes, respectando os principios de publicidade, transparencia, concorrència, obxectividade, igualda-

de e non discriminación, aos que se debe axustar a xestión das subvencións e axudas outorgadas polas administracións públicas.

En virtude do exposto, de conformidade co disposto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime das axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e a normativa que a desenvolve, logo de informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

DISPOÑO:

Capítulo I

Axudas e subvencións

Sección primeira

Programa 1. Axudas a entidades galegas no exterior para a prestación de servizos asistenciais en favor dos emigrantes galegos

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto deste programa é facilitar o acceso a servizos sanitarios, asistenciais ou residenciais, dos emigrantes de orixe galega que o necesiten e carezan da correspondente cobertura e de medios económicos suficientes para afrontar o seu custo, mediante a concesión de subvencións a entidades que presten tales servizos, para sufragar, en todo ou en parte, o gasto que deles se derive.

Artigo 2º.-Finalidade das axudas.

De acordo co obxecto do programa estas axudas están dirixidas a:

1. Solventar as cotas ou achegas de persoas de orixe ou ascendencia galega en situación de paro, xubilación con mínimos ingresos, desprotexidos en materia de previsión social ou carentes de protección que, doutro xeito, non terían acceso á cobertura sanitaria ou asistencial que prestan determinadas entidades galegas do exterior.

2. Contribuír ao financiamento dos gastos de funcionamento de fogares diúrnos dependentes de entidades galegas do exterior. Por fogares diúrnos entenderanse os lugares onde as persoas maiores poden realizar actividades lúdicas, recreativas ou de terapia ocupacional.

3. Contribuír ao financiamento do gasto derivado de servizos de acollida en vivendas compartidas, asistencia domiciliaria ou programas extraordinarios de protección social-asistencial que presten as entidades galegas aos emigrantes galegos.

4. Colaborar no gasto destinado a comida e/ou transporte de familiares directos dos asociados das entidades galegas, cando estes residan en centros asistenciais, co fin de posibilitar o contacto diario entre eles.

5. Colaborar no gasto destinado á prestación de atencións diversas aos transeúntes galegos que se achegan a estas entidades en demanda de asistencia ante situacións de emerxencia.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a condición de centro colaborador, así como calquera outra entidade sen fins de lucro que preste servizos de carácter asistencial aos emigrantes galegos carenciados a través de residencias para maiores, centros hospitalarios, programas específicos de beneficencia ou atención a transeúntes de orixe galega.

Artigo 4º.-Documentación.

As entidades interesadas en concorrer ás axudas e subvencións obxecto deste programa deberán presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado que figura como anexo I desta resolución, subscrita polas persoas que teñan a representación legal da entidade solicitante.

b) No caso dos puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 2º presentárase programa ou memoria en que consten as actuacións que sen van realizar, o importe do custo previsto que se destinará a esta acción e o número de beneficiarios de orixe galega que se pretenda atender durante o ano 2006.

No suposto concreto de concesión das axudas para a bonificación ou redución de cotas que dan dereito á cobertura sanitaria ou asistencial recollidas no artigo 2º, punto 1, as entidades beneficiarias da subvención deberán ter á disposición da Secretaría Xeral de Emigración a documentación que acredite a orixe ou a ascendencia galega de cada unha das persoas incluídas no programa así como a xustificación da escaseza de recursos de cada unha delas.

c) No caso do punto 5 do artigo 2º, presentárase unha relación dos transeúntes de orixe galega atendidos durante o ano 2005 e o importe estimativo de gastos que se destinará a estas atencións no ano 2006.

d) En todos os casos, declaración do conxunto das subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para a que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas competentes, ou se é o caso unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

e) De solicitar o pagamento por transferencia, certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose achegada con anterioridade ou se producise algún cambio.

f) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, Cadastro ...), sempre que non fose achegado con anterioridade.

Artigo 5º.-Criterios de valoración.

A Secretaría Xeral de Emigración avaliará as solicitudes presentadas en función dos seguintes criterios de valoración e gradación de acordo coa orde de prioridades que se indica:

1. Consideraranse prioritarios os proxectos compartidos, elaborados mancomunadamente por dúas ou máis entidades galegas no exterior, que posibiliten a concentración de actividades e medios humanos e financeiros, co obxecto de acadar un maior impacto na realidade social onde se quere actuar e unha optimización dos recursos dispoñibles.

2. Número de asociados galegos do centro ou entidade asistencial e número dos posibles beneficiarios e o seu grao de necesidade

3. Situación socio-sanitaria existente no ámbito xeográfico de actuación da entidade beneficiaria.

4. Número de residentes do centro ou ingresados nel e orzamento detallado do custo previsto.

5. Grao de necesidade da actuación asistencial programada en relación coa situación do colectivo galego á que vai destinada.

6. Número de transeúntes de orixe galega atendidos durante o ano 2005.

Sección segunda

Programa 2. Axudas para realización de proxectos formativos, culturais e actividades asociativas na Galicia exterior

Artigo 6º.-Obxecto.

Este programa ten por obxecto potenciar o espallamento e difusión dos sinais de identidade de Galicia e colaborar coa dinámica cultural dos centros e comunidades galegas no exterior, mediante a concesión de axudas destinadas a financiar, en todo ou en parte, a realización de actividades formativas, culturais e/ou asociativas realizadas en favor das comunidades galegas, co fin de facer efectivos os dereitos recollidos na Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade.

Artigo 7º.-Finalidade das axudas.

Atendendo ao obxecto referenciado, ao amparo deste programa poderanse subvencionar, ademais doutras que se axusten á Lei de recoñecemento da galeguidade, as actividades realizadas directamente polas entidades galegas en favor da propia colectividade, referidas a:

1. Proxectos innovadores que, impulsados por unha entidade ou comunidade galega e abertos a outras comunidades ou institucións, traten de fomentar as relacións entre a Galicia exterior e a Galicia territorial establecendo contactos de carácter bilateral que permitan unha rápida circulación da información e iniciativas nas diferentes áreas de coñecemento: sociais, culturais, empresariais, académicas, etc.

2. Cursos, seminarios, xiras, conferencias e actividades que propicien o fomento dos sinais de identidade de Galicia no lugar de asentamento das comunidades galegas e a formación e capacitación dos galegos emigrados e dos seus descendentes, en materias que non sexan subvencionadas a través doutros programas por esta Secretaría Xeral de Emigración ou por outro departamento da Xunta de Galicia.

3. Actos conmemorativos do Día das Letras Galegas e do Día Nacional de Galicia.

4. Organización de grupos corais, musicais, teatrais e de danza e actividades que estes realicen.

5. Tarefas de información, difusión, asesoramento e outras complementarias de xestión de todo tipo de programas establecidos anualmente pola Secretaría Xeral de Emigración, levadas a cabo polas entidades galegas no exterior a través das oficinas que presten este tipo de servizos.

Artigo 8º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a súa condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fin de lucro que puidesen, se é o caso, realizar accións que sirvan para os fins sinalados no artigo 7º desta resolución.

Artigo 9º.-Documentación.

As entidades interesadas en concorrer ás subvencións e axudas obxecto desta convocatoria deben presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude, segundo o modelo normalizado que figura como anexo II desta resolución, que deberá ir acompañada dunha memoria explicativa para unha adecuada valoración da solicitude por parte da Secretaría Xeral de Emigración, que recolla, como mínimo, os seguintes puntos: exposición de motivos, custo previsto das actividades para as que se solicita a subvención e programa e/ou fases de realización delas.

b) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para a que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas competentes, ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

c) De solicitar o pagamento por transferencia, certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose achegada con anterioridade ou se producise algún cambio.

d) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, Cadastro ...) sempre que non fose achegado con anterioridade.

Artigo 10º.-Criterios de valoración.

A Secretaría Xeral de Emigración avaliará as solicitudes presentadas en función dos criterios de valo-

ración e gradación de acordo coa seguinte orde de prioridades:

1. Consideraranse prioritarios os proxectos com-partidos, elaborados mancomunadamente por dúas ou máis entidades galegas no exterior, que posibiliten a concentración de actividades e medios humanos e financeiros, co obxecto de acadar un maior impacto na realidade social onde se quere actuar e unha optimización dos recursos dispoñibles.

2. A necesidade e utilidade das accións formativas, culturais ou sociais que se van desenvolver.

3. O colectivo de persoas sobre as que incide directamente o programa cultural.

4. A capacidade de xestionar as actividades para as que se solicita a subvención, atendendo aos programas realizados e debidamente xustificadas nos dous últimos exercicios.

5. A proxección social e divulgación dos sinais de identidade de Galicia que estas actividades poidan ter.

Sección terceira

Programa 3. Axudas para a realización de accións informativas na Galicia exterior

Artigo 11º.-Obxecto.

Este programa ten por obxecto potenciar o espallamento e difusión dos sinais de identidade de Galicia e colaborar coa dinámica cultural dos centros e comunidades galegas no exterior a través de revistas de carácter periódico, programas de radio e televisión, información de prensa, etc., que promovan un mellor coñecemento da realidade científica e dos sinais de identidade de Galicia no exterior.

Artigo 12º.-Finalidade das axudas.

Atendendo ao obxecto sinalado no artigo anterior poderanse subvencionar ao amparo deste programa, entre outras, as accións tendentes:

1. Á edición e difusión periódica de revistas culturais, informativas, económicas, etc., ou boletíns de interese xeral, así como á realización de programas de radio e televisión dedicados á realidade galega por parte das entidades galegas. Así mesmo, poderá incluírse a adquisición de material funxible audiovisual ou musical.

2. Á conexión das entidades galegas a Internet, posibilitando o seu acceso á información universal mediante as denominadas autoestradas de información e ao uso do correo electrónico.

3. Á conexión das entidades galegas ás novas canles de acceso ás televisións galega e española, establecéndose para estes efectos as liñas de colaboración correspondentes.

Artigo 13º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a súa condición de centro colaborador, así como aquelas institucións e asociacións sen fin de lucro que puidesen, se é o caso, realizar accións que sirvan para os fins sinalados no artigo 12º desta resolución.

Artigo 14º.-Documentación.

A documentación deberá estar integrada por:

a) Solicitude segundo o modelo normalizado que figura como anexo III desta resolución, á que deberán xuntarlle unha memoria explicativa do contido individualizado e do custo das accións para as que se solicita a subvención que favoreza unha mellor valoración da axuda, atendendo a los criterios sinalados no artigo 12º.

b) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas, para a mesma acción para a que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas competentes, ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

c) De solicitar o pagamento por transferencia, certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose achegada con anterioridade ou se producise algún cambio.

d) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, Cadastro ...), sempre que non fose achegado con anterioridade.

Artigo 15º.-Criterios de valoración.

A Secretaría Xeral de Emigración avaliará as solicitudes presentadas en función dos seguintes criterios:

1. Consideraranse prioritarios os proxectos compartidos, elaborados mancomunadamente por dúas ou máis entidades galegas no exterior, que posibiliten a concentración de actividades e medios humanos e financeiros, co obxecto de acadar un maior impacto na realidade social onde se quere actuar e unha optimización dos recursos dispoñibles.

2. Periodicidade, difusión, número de exemplares, calidade e custo da edición, no suposto sinalado no artigo 12º.1.

3. Número de usuarios potenciais e puntos de conexión a internet existentes en cada centro, no suposto sinalado no artigo 12º.2.

4. Necesidade e utilidade das accións informativas que se van desenvolver.

Sección cuarta

Programa 4. Axudas para a realización de proxectos creativos, formativos, de participación e intercambio promovidos pola xuventude da Galicia Exterior

Artigo 16º.-Obxecto.

Este programa ten por obxecto implicar e facer partícipe a mocidade galega da diáspora na reali-

zación de proxectos creativos, formativos, de participación e intercambio cultural dos mozos e mozas dun mesmo país ou área xeográfica en accións conxuntas, así como aproveitar os avances tecnolóxicos como unha ferramenta básica na transmisión de información e integración de servizos comúns.

Artigo 17º.-Finalidade das axudas.

Atendendo ao obxecto referenciado, ao amparo deste programa poderanse subvencionar, ademais doutras que se axusten á Lei de recoñecemento da galeguidade, as actividades realizadas directamente polas entidades galegas en favor dos membros da colectividade ata os 30 anos de idade, referidas a:

1. Intercambios xuvenís de comunidades galegas, tendo preferencia os propostos por grupos organizados dentro das colectividades galegas. Estes intercambios terán como finalidade a realización de actividades no eido da educación para a paz, o intercambio cultural, os programas de voluntariado social e as actividades creativas e deportivas.

2. Formación específica dos mozos para o coñecemento e emprego das novas tecnoloxías da comunicación.

3. Fomento de actividades deportivas en calquera especialidade e dotación e adquisición de material deportivo. Por cada poboación e especialidade deportiva poderá existir como máximo un equipo que competirá cun uniforme unificado. Este levará impreso Club Galicia, indicando a disciplina deportiva e a cidade na que se asenta. Naquelas cidades onde existan dous o máis centros e queiran unificar as súas actividades en tantos clubs ou equipos coma especialidades deportivas se pretendan practicar, os ditos clubs poderán competir co nome de Club Galicia e unificar os equipamentos de acordo co modelo que elaborará a Dirección Xeral de Deportes en colaboración con esta secretaría.

4. Fomento das escolas deportivas para a promoción do deporte de base.

5. Apoio ás actividades culturais, incluíndo a dotación de material específico, no eido do cine (producción de curtametraxes), teatro, publicacións periódicas, creación literaria, música, danza e artes plásticas. Apoio á creación de grupos de teatro, música e danza.

6. Realización de programas culturais e de formación (cursos, ciclos de conferencias, mostras, ciclos de cine galego ou de teatro, concertos) que incidan no espallamento dos sinais da identidade de Galicia e na proxección social deles.

7. Apoio a publicación ou creación de programas audiovisuais relacionados coa lingua, historia e sinais de identidade de Galicia.

8. Constitución de Escolas de Formación da Xuventude Emigrante para debater e dar resposta aos problemas específicos que se lles formulan.

9. Creación de foros de debate e intercambio cultural entre mozos da emigración e mozos galegos, así como entre intelectuais, científicos e expertos en diversos eidos, de Galicia e do país onde estes foros teñan lugar.

Artigo 18º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades galegas que tendo recoñecida a galeguidade ou a súa condición de centro colaborador, contén cunha sección ou comisión xuvenil legalmente constituída nos seus órganos de goberno ou ben aquelas que dispoñan dun grupo de mozos constituído para o efecto e capaces de xestionar e desenvolver algunha das finalidades obxecto de subvención, á vez que atraer a outros mozos non socios da entidade pero interesados en participar nestas accións, sexan ou non galegos.

Artigo 19º.-Documentación.

As entidades interesadas en concorrer ás subvencións e axudas obxecto desta convocatoria deben presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude, segundo o modelo normalizado que figura como anexo IV desta resolución, acompañada dunha memoria explicativa do proxecto individualizando o custo previsto de cada unha das actividades para as que se solicita a subvención, co fin de facilitar unha adecuada valoración por parte da Secretaría Xeral de Emigración. Esta memoria será elaborada polo responsable da sección xuvenil ou do grupo de mozos organizadores das actividades co visto e prace do presidente da entidade.

b) Información completa sobre identidade, currículo e experiencia de cada un dos mozos e mozas organizadores da actividade, así como número e características dos posibles beneficiarios das accións previstas.

c) Certificación do secretario, co visto e prace do presidente, acreditativa de que os mozos e mozas que presentan o proxecto forman parte de seccións ou comisións xuvenís da entidade ou foron nomeados pola xunta directiva para o total desenvolvemento do proxecto.

d) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade para a que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas competentes, ou se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

e) De solicitar o pagamento por transferencia, certificación da entidade bancaria na que conste o nº de conta e o titular, no caso de que non fose achegada con anterioridade ou se producise algún cambio.

f) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, Cadastro ...) sempre que non fose achegado con anterioridade.

Artigo 20º.-Criterios de valoración.

A Secretaría Xeral de Emigración avaliará as solicitudes presentadas en función dos criterios seguintes:

1. Consideraranse prioritarios os proxectos compartidos, elaborados mancomunadamente por dúas ou máis entidades galegas no exterior, que posibiliten a concentración de actividades e medios humanos e financeiros, co obxecto de acadar un maior impacto na realidade social onde se quere actuar e unha optimización dos recursos dispoñibles.

2. A incidencia e difusión que poida ter a realización do proxecto no conxunto do país ou na súa área de influencia.

3. A necesidade e utilidade das accións que se van desenvolver.

4. Capacidade de integración do proxecto presentado respecto doutros colectivos de persoas alleas á entidade solicitante.

5. A capacidade de xestionar as actividades para as que se solicita a subvención, atendendo aos programas realizados e debidamente xustificadas en anos anteriores.

Capítulo II

Disposicións xerais: competencia e procedemento

Artigo 21º.-Órganos competentes.

1. A ordenación e instrución dos procedementos correspondentes aos programas de axudas establecidos na presente resolución corresponderá ao xefe do Servizo de Tramitación de Axudas da Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas.

2. O órgano competente para resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta resolución será o secretario xeral de Emigración.

Artigo 22º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiránse ao órgano competente, en concreto á Secretaría Xeral de Emigración (rúa dos Basquiños, 2, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña), e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 45 días naturais contados desde o día seguinte á data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 23º.-Procedemento de concesión da subvención.

1. O procedemento para a tramitación e concesión das axudas que se convocan pola presente resolución axustarase ao previsto no Decreto legislativo 1/1999,

do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes someteranse a un réxime de concorrencia competitiva tal como recolle a devandita Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado que formulará a correspondente proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instructor. O devandito órgano colexiado estará formado polo subdirector xeral de Centros e Comunidades Galegas, o xefe de Servizo de Promoción dos Centros e Comunidades Galegas e un funcionario desta subdirección xeral. O órgano colexiado avaliará as solicitudes segundo os criterios establecidos para cada programa de axudas.

Artigo 24º.-Resolución.

1. As resolucións serán ditadas polo órgano competente e notificadas aos interesados, debendo ser sempre motivadas. A Secretaría Xeral de Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións de contía superior a 3.000 euros concedidas a través desta convocatoria, indicando o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade para a que se outorgou a axuda. No suposto de subvencións de contía inferior á cantidade sinalada, a publicación na páxina web: www.galiciaaberta.com asegurará a publicidade dos beneficiarios das axudas, de acordo coas súas especiais características, contía e número.

2. O prazo máximo para resolver será de seis meses, que comezarán a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de 3 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de 6 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 25º.-Xustificación e pagamento.

1. A acción subvencionada deberá ser executada durante o ano 2006.

2. Previo ao pagamento do importe da subvención concedida, os beneficiarios de axudas deberán remitirlle á Secretaría Xeral de Emigración, antes do remate do exercicio orzamentario, a seguinte documentación xustificativa:

a) Informe detallado no que conste a descrición das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención e o seu custo, co desagregamento de cada un dos gastos incorridos.

No caso sinalado no punto 1, artigo 2º deberán achegar certificación do secretario da entidade beneficiaria, co visto e praxe do seu presidente, facendo constar as accións e os gastos efectivamente realizados, así como o nome, apelidos, provincia galega de orixe, enderezo e, se é o caso, concepto e contía individual destinada como axuda a cada beneficiario.

b) Factura ou facturas acreditativas dos gastos subvencionables e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estas facturas deberán presentarse ben en documento orixinal ou ben en fotocopia debidamente cotexada.

A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

c) Certificación do secretario da entidade beneficiaria, co visto e praxe do seu presidente, na que conste que cada unha das facturas presentadas como xustificación corresponden a gastos realizados pola entidade en execución da actividade subvencionada, achegando xunto con esta certificación relación de todas as facturas e sinalando para cada unha delas a finalidade correspondente.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas -tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución- para as mesmas accións para as que se concedeu a subvención, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

e) Para o Programa Accións informativas na Galicia Exterior, no caso de publicacións, deberase enviar un exemplar de cada número publicado.

3. A documentación presentada polos beneficiarios, no caso das entidades galegas, deberá ser asinada polo secretario co visto e prace do presidente, e polos representantes das institucións e asociacións solicitantes.

Non obstante o anterior, para acadar a maior operatividade deste tipo de axudas poderán acordarse pagamentos parciais ou efectuar anticipos dos importes concedidos ata a contía máxima permitida de acordo co establecido no artigo 29.5º da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o disposto nos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, suxeitos aos requisitos que na citada normativa se establecen. O resto do importe librarase no momento de completar a xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda e demais condicións exixidas nesta resolución.

Artigo 26º.-Obrigas dos beneficiarios.

Con carácter xeral, os beneficiarios das axudas e subvencións correspondentes aos programas convocados pola presente resolución quedan obrigados a:

-Someterse aos requisitos legais e regulamentarios que recolla a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións da Xunta de Galicia, en concreto as recollidas no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como ás actuacións de comprobación que respecto da xestión de fondos pode efectuar o departamento concedente, ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e a los procedementos fiscalizadores do Consello de Contas e do Tribunal de Contas.

-Se, por calquera motivo, a actuación programada non se puidese realizar, deberáselle comunicar á Secretaría Xeral de Emigración, que poderá dispoñer do citado crédito para subvencionar proxectos inicialmente non atendidos ou aumentar a axuda doutros subvencionados parcialmente.

-As entidades beneficiarias de axudas ou subvencións recollidas nesta resolución quedarán obrigadas á difusión do cofinanciamento por parte da Secretaría Xeral de Emigración nos actos, documentación e publicacións que realicen, por calquera medio, con motivo da actuación subvencionada.

Artigo 27º.-Modificación da resolución de concesión e revogación.

As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a comunicarlle á Secretaría Xeral de Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a execución das accións subvencionadas, podendo a Secretaría Xeral adoptar a resolución de

modificación da concesión ou de revogación que corresponda.

Procederá a revogación das axudas e subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000.

Disposicións adicionais

Primeira.-A Secretaría Xeral de Emigración levará a cabo a función de control, avaliación e seguimento dos programas recollidos nesta orde.

Para realizar as devanditas funcións poderán utilizarse cantos medios estean á disposición da Secretaría Xeral de Emigración para comprobar os requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación, para o cal as entidades ás que van dirixidos os programas regulados nesta orde prestarán toda a colaboración que lles sexa requirida.

Segunda.-A Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas poderá recabar dos peticionarios as aclaracións, comprobacións ou documentación complementaria, orixinal ou copia compulsada, que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para as diferentes axudas previstas nesta resolución.

Terceira.-As subvencións recollidas nos programas a que se refire a presente orde concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.213A.480.0.-Accións políticas migratorias. O crédito inicialmente outorgado para estas finalidades é de 2.000.000 de € sen prexuízo das modificacións que legalmente se poidan efectuar ao longo do exercicio.

As subvencións concedidas ao amparo desta convocatoria son compatibles con calquera outra que lle puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que vai levar a cabo o beneficiario.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o secretario xeral de Emigración para ditar as resolucións que tecnicamente sexan necesarias para o cumprimento da presente orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2006.

Manuel Luis Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS A ENTIDADES GALEGAS PARA PRESTACIÓNS DE SERVIZOS ASISTENCIAIS A FAVOR DOS EMIGRANTES GALEGOS ANEXO I/2006	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR924A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	---------------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS			DNI OU NIF
ENDEREZO PARTICULAR			LOCALIDADE/PROVINCIA
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	CARGO NA ENTIDADE

ENTIDADE QUE REPRESENTA

NOME				NIF, CIF, RIF, CUIT ...
ENDEREZO		LOCALIDADE/PROVINCIA		Nº TOTAL DE SOCIOS
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	Nº SOCIOS GALEGOS
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓNS				TELÉFONO PARA OS MESMOS EFECTOS

BREVE DESCRICIÓN DAS ACCIÓNS PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

FINALIDADE E IMPORTE DA SOLICITUDE

FINALIDADE ☐ 1.- PROTECCIÓN ASISTENCIAL E SANITARIA. ☐ 2.- FUNCIONAMENTO FOGARES DIÚRNS. ☐ 3.- ACOLLIDA EN VIVENDAS COMPARTIDAS, ASISTENCIA DOMICILIARIA, ETC.		☐ 4.- AXUDAS PARA COMIDA E TRANSPORTE. ☐ 5.- ASISTENCIA AOS TRANSEÚNTES GALEGOS NECESITADOS.	
NÚMERO DE BENEFICIARIOS PREVISTO		IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA EN EUROS	

FORMA DE PAGAMENTO

☐ CHEQUE ☐ TRANSFERENCIA BANCARIA	☐ SI ☐ NON (SE XA FOI ENVIADA CON ANTERIORIDADE)
--	--

ACHÉGASE CERTIFICACIÓN BANCARIA

CUSTO DAS ACCIÓNS PARA AS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN	
CONCEPTO	IMPORTE (EN EUROS)
A) CUSTO:	
1) _____	_____
2) _____	_____
3) _____	_____
TOTAL CUSTO ESTIMADO:	_____
B) FINANCIAMENTO:	
1) POR CONTA DA ENTIDADE:	_____
2) AXUDAS DOUTRAS INSTITUCIÓNS OFICIAIS:	_____
3) OUTROS:	_____
4) AXUDA SOLICITADA Á SECRETARÍA:	_____
TOTAL FINANCIAMENTO PREVISTO (IGUAL AO CUSTO ESTIMADO):	_____

AS SOLICITUDES DE AXUDAS A ENTIDADES GALEGAS PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS ASISTENCIAIS A FAVOR DOS EMIGRANTES GALEGOS IRÁN ACOMPAÑADAS NECESARIAMENTE DE:

- PARA AS FINALIDADES 1, 2, 3 E 4: MEMORIA OU PROGRAMA DE ACTUACIÓNS.
- PARA A FINALIDADE 5: RELACIÓN DE TRANSEÚNTES ATENDIDOS O ANO ANTERIOR E PREVISIÓN PARA O PRESENTE ANO.
- EN TODOS OS CASOS:
 - DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.
 - FOTOCOPIA DO NIF, CIF, RIF, CUIT DA ENTIDADE (**DE NON TELO XA ENVIADO**).
 - CALQUERA OUTRA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE CONSIDERE ADECUADA PARA UNHA MELLOR VALORACIÓN

POR CONTA

CERTIFICAMOS A VERACIDADE DE TODOS OS DATOS CONTIDOS NESTA SOLICITUDE E DECLARAMOS QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ATOPA AO CORRENTE NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA E ESTATAIS, SE É O CASO, ASÍ COMO COA SEGURIDADE SOCIAL. NON OBSTANTE, DE SER NECESARIO. AUTORIZÁSE A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN PARA QUE SOLICITE E CONSIGA DOS ORGANISMOS CORRESPONDENTES A INFORMACIÓN NECESARIA AÓ RESPECTO.

EN _____, DE _____ DE 200__

Vº E PRACE (SELO DA ENTIDADE) O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE

O/A PRESIDENTE/A

ASDO.: _____ ASDO.: _____

(NOME E APELIDOS) (NOME E APELIDOS)

Secretario xeral de Emigración



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS FORMATIVOS, CULTURAIS E ACTIVIDADES ASOCIATIVAS NA GALICIA EXTERIOR ANEXO II/2006	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PR924B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS			DNI OU NIF	
ENDEREZO PARTICULAR			LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	CARGO NA ENTIDADE	

ENTIDADE QUE REPRESENTA

NOME				NIF, CIF, RIF, CUIT ...	
ENDEREZO		LOCALIDADE/PROVINCIA			Nº TOTAL DE SOCIOS
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	Nº SOCIOS GALEGOS	
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓNS				TELÉFONO PARA OS MESMOS EFECTOS	

**RELACIÓN DE ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN (DEBE ACHEGARSE MEMORIA
EXPLICATIVA DETALLANDO O CONTIDO INDIVIDUALIZADO E O CUSTO PREVISTO)**

IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA (EN EUROS)

FORMA DE PAGAMENTO

- ☐ CHEQUE
☐ TRANSFERENCIA BANCARIA

ACHÉGASE CERTIFICACIÓN BANCARIA☐ SI☐ NON (SE XA FOI ENVIADA CON ANTERIORIDADE)

CUSTO DAS ACTIVIDADES PARA AS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN	
CONCEPTO	IMPORTE (EN EUROS)
A) CUSTO:	
1) _____	_____
2) _____	_____
3) _____	_____
TOTAL CUSTO ESTIMADO:	_____
B) FINANCIAMENTO: 1) POR CONTA DA ENTIDADE:	_____
2) AXUDAS DOUTRAS INSTITUCIÓNS OFICIAIS:	_____
3) OUTROS:	_____
4) AXUDA SOLICITADA Á SECRETARÍA:	_____
TOTAL FINANCIAMENTO PREVISTO (IGUAL AO CUSTO ESTIMADO):	_____
AS SOLICITUDES DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS FORMATIVOS, CULTURAIS E ACTIVIDADES ASOCIATIVAS NA GALICIA EXTERIOR DEBEN IR ACOMPAÑADAS DE: • MEMORIA EXPLICATIVA DO CONTIDO INDIVIDUALIZADO E CUSTO PREVISTO DAS ACTIVIDADES. • DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE. • FOTOCOPIA DO NIF, CIF, RIF, CUIT DA ENTIDADE (DE NON TELO XA ENVIADO). • CALQUERA OUTRA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE CONSIDERE ADECUADA PARA UNHA MELLOR VALORACIÓN	

CERTIFICAMOS A VERACIDADE DE TODOS OS DATOS CONTIDOS NESTA SOLICITUDE E DECLARAMOS QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ATOPA AO CORRENTE NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA E ESTATAIS. NO SEU CASO, ASÍ COMO COA SEGURIDADE SOCIAL. NON OBSTANTE, DE SER NECESARIO, AUTORIZÁSE Á SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN PARA QUE SOLICITE E CONSIGA DOS ORGANISMOS CORRESPONDENTES A INFORMACIÓN NECESARIA AO RESPECTO.

EN _____, DE _____ DE 200__

Vº E PRACE (SELO DA ENTIDADE) O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE

O/A PRESIDENTE/A

ASDO.: _____ ASDO.: _____

(NOME E APELIDOS) (NOME E APELIDOS)

Secretario xeral de Emigración